



|  |  |  |
|--|--|--|
|  <b>XUNTA DE GALICIA</b><br>CONSELLERÍA DO MAR<br>Dirección Xeral de Ordenación e<br>Xestión dos Recursos Mariños | Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro<br>15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA<br>Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25 |  <b>XACOBEO 2010</b><br>Galicia |
|--|--|--|

### FICHA RESUMO

|                                       |  |                         |
|---------------------------------------|--|-------------------------|
| <b>Ano</b>                            | <b>2011</b>  | <b>PE403A 2010/73-1</b> |
| <b>Entidade</b>                       | PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE LIRA, CORCUBIÓN E FISTERRA   |                         |
| <b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b> | OURIZO   |                         |
| <b>Réxime<sup>(2)</sup></b>           | RECURSO ESPECÍFICO   |                         |
| <b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>       | MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE |                         |

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Especies</b>                | Ourizo ( <i>Paracentrotus lividus</i> )  |
| <b>Ámbito do plan</b>          | De cabo Touriñán a punta Insua (excepto zona incluída na REMIP-Os Miñarzos)  |
| <b>Subzonas de explotación</b> | Punta Insua, Arrosas, Meixide, Arca, punta Redonda, Centolo, Faro Fisterra, Cabo de Cee, Carrumeiros, Ézaro, Pedras Mariñas, Panchés, Quilmas, Lobeiras, |

| Participantes no plan de explotación                |              |                                |
|---|--------------|--------------------------------|
| <b>Número de permex/persoas autorizadas</b>         |              |                                |
| Mariscadoras/es a pé                                | Embarcacións | Mergulladores con habilitación |
| -   | 13           | 38                             |
| <b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b> |              |                                |
|   |              | NON                            |
| Mariscadoras/es a pé                                | Embarcacións | Mergulladores con habilitación |
| -   | -            | -                              |

| Calendario de explotación                                |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |
|--|-----|-----|-------|------|------|-------|--------|--------|-------|--------|-----|
| <b>Días máximos de extracción</b>                        |     | 70  |       |      |      |       |        |        |       |        |     |
| <b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |
| <b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>                          |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |
| xan  | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
| X  | X   | X   | X     |      |      |       |        |        |       | X      | X   |

| Topes de captura |             |                        |   |
|------------------|-------------|------------------------|---|
| <b>Especies</b>  | <b>A pé</b> | <b>Embarcación/día</b> | <b>Mergullador enrolado e a bordo/día</b> |
| Ourizo           | -           | 300kg                  | 100 kg                                    |

|                          |  |
|--------------------------|--|
| <b>Artes a empregar</b>  | Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie             |
| <b>Puntos de control</b> | Peiraos e lonxas de Lira, Fisterra e Corcubion, e peirao do Pindo        |
| <b>Puntos de venda</b>   | Lonxas de Lira, Corcubion, Fisterra e calquera punto de venda autorizado |

| Accións a realizar <sup>(7)</sup>      | Épocas probables <sup>(8)</sup> |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|--|---------------------------------|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|
|  | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Rexeneración zonas improdutivas</b> |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Zonas:                                 |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| <b>Extracción semente para resembr</b> |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Zonas:                                 |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Especies:                              |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|  | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010  
Galicia

|                          |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |
|--------------------------|---|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|--|--|
| <b>Sementeiros</b>       |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |
| Zonas:                   |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |
| Especies:                |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |  |
| <b>Traslados</b>         |   |   |   |   | X | X | X  | X | X |   |   |   |  |  |
| Zonas: Zona V            |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |
| Especies: Ourizo         |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |  |
| <b>Rareos</b>            |   |   |   |   | X | X | X  | X | X |   |   |   |  |  |
| Zonas: Zona V            |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |
| Especies: Ourizo         |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |  |
| <b>Limpezas e arados</b> |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |
| Zonas:                   |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |
|                          | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |  |  |
| <b>Outros</b>            |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |
|                          |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |
|                          |   |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |  |  |

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Ámbito do plan:** exclúese do ámbito deste plan a zona delimitada como reserva mariña de interese pesqueiro *Os Miñarzos* cuxos límites son os seguintes:

|                 |              |             |
|-----------------|--------------|-------------|
| Punta Larada    | 42° 50.408´N | 9° 06.359´W |
| Cuberto         | 42° 49.608´N | 9° 09.535´W |
| Miñarziño       | 42° 48.608´N | 9° 10.490´W |
| Miñarzos        | 42° 47.843´N | 9° 10.640´W |
| Cabezo Figueroa | 42° 47.072´N | 9° 09.647´W |
| Lombo da Campa  | 42° 47.151´N | 9° 07.872´W |

A explotación do ourizo dentro da reserva desenvolverase conforme ao Plan de Xestión Integral aprobado para o seu ámbito.

**Días máximos de extracción:** A situación do recurso e a evolución das capturas nos últimos anos desaconsellan o incremento dos días de extracción con respecto ao plan en vigor, polo que se mantén en 70 días ao ano.

Respecto disto, non se aproba a proposta incluída no plan de que os días que traballen menos dun 30% das embarcacións non computen como día de extracción.

**Topes máximos de captura:** O tope queda establecido por mergullador enrolado e a bordo e día. Así, o tope máximo de captura é de 100 kg/mergullador/día cun máximo de 300 kg/embarcación/día.

**Puntos de control:** Establécense puntos de control segundo o lugar de descarga. No caso de que o control se realice nos peiraos e lonxas de Fisterra e Corcubión ou no peirao de O Pindo, os responsables do control serán os propios patróns das embarcacións participantes neste plan, de xeito rotativo, os que, unha vez rematada a xornada, cubrirán un parte no que conste as embarcacións que foron traballar, o número de mergulladores, topes de captura e zona de traballo. Estes partes faranse chegar á confraría de Lira. No caso de que o control se realice no peirao e lonxa de Lira, os responsables serán os vixiantes desta confraría, que cubrirán un parte



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

de control coa mesma información que os anteriores que será entregado na confraría de Lira. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes no plan. Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, cada embarcación deberá remitir **os datos de captura diarios** segundo o seguinte estadillo que lle será facilitado polos técnicos da Consellería do Mar: día de extracción, nome da embarcación, número de tripulantes, quilos, zona de traballo, profundidade media, tempo de mergullo e observacións, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

É obrigatorio para todos os membros do plan cubrir e remitir dito estadillo. O incumprimento desta obriga implicará a non inclusión na relación adxunta á resolución de apertura do mes seguinte.

**Comercialización:** O prezo mínimo de venda será de 2'50 €/kg.

**Xestión da explotación:** Constitúese unha comisión xestora que é a encargada da elaboración deste plan, da organización e xestión da extracción e será responsable de facer o seguimento do plan. Esta comisión decidirá os días nos que se solicitará a apertura mensual e o porá en coñecemento da confraría de Lira para que esta tramite a solicitude ante o Departamento Territorial. Así mesmo, comunicará con antelación suficiente os días que deben ser anulados e a causa da anulación.

As normas de funcionamento desta comisión, funcións, convocatorias, toma de acordos... están perfectamente definidas.

**Mellora da produción:** Contempla a posibilidade de realizar rareos e traslados de ourizo a fin de repoboar as zonas que o precisen. A participación nestes traballos é obrigatoria para tódolos participantes no plan.

Aínda que esta acción considérase axeitada para a mellora da produción, deberán elaborar as normas que rexerán estes traballos e a súa organización, designar as persoas responsables da organización e control e aportar esta documentación xunto coa preceptiva solicitude ao Departamento Territorial da Consellería de Mar.

**Mergullo:** Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

**Plan de seguridade:** Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia